

ESTREA EN NUMAX: 16.02.2018 | V.O.S.E. | +12

The Shape of Water (2017, 119')

Dirección: Guillermo del Toro

Guión: Guillermo del Toro, Vanessa Taylor

Elenco: Sally Hawkins, Doug Jones, Michael Shannon, Octavia Spencer, Richard Jenkins, Michael Stuhlbarg, Lauren Lee Smith, David Hewlett, Nick Searcy, Morgan Kelly

Son: Tyler Whitham

Montaxe: Sidney Wolinsky

Vestiario: Isabelle Pannetier

Dirección de arte: Nigel Churcher

Música: Alexandre Desplat

Fotografía: Dan Laustsen

Produtoras: Bull Productions, Fox Searchlight (Estados Unidos)

Distribuidora: Twentieth Century Fox España

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA

Hellboy II: The Golden Army, 2008

El laberinto del fauno, 2006

Hellboy, 2004

Blade II, 2002

El espinazo del diablo, 2001

Mimic, 1997

PREMIOS E FESTIVAIS

Oscar 2018 (13 nominacións),

Venecia 2017 (León de Ouro Mellor filme), Globos de Ouro 2017

(Mellor dirección e banda sonora),

BAFTA 2017 (12 nominacións)

SINOPSE

Estados Unidos, 1963. É a Guerra Fría e a carreira militar espacial. Elisa é unha empregada da limpeza nunha instalación do Goberno que agocha uns laboratorios secretos. A súa vida muda ao descubrir un ser enigmático: un home-peixe vítima de experimentos. Pouco a pouco establécese unha forte conexión entre ambos. Mais o mundo real non é un lugar seguro para un home-peixe.

«Monstrousa, política e poética. A fita navega, de forma literal, sobre a retina do espectador como un animal alucinado e ferido.»

Luis Martínez, EL MUNDO



«Este filme xorde dos recordos dos meus anos mozos»

Entrevista con Guillermo del Toro

Por Alonso Valencia

Un dos elementos máis destacados d'A forma da auga é o deseño de produción desde o punto de vista gráfico, con elementos futuristas da década dos 60 e imaxes publicitarias da época. Como traballaches os aspectos visuais? O que fixemos foi empezar moitos, moitos meses antes de que entrase un deseñador de produción. Guy Davis e eu, sós, deseñamos durante varios meses o departamento de Eliza, o laboratorio, non exactamente como quedou pero os principios xerais, para atopar unha linguaxe. O demais consistiu en articular a historia a través de imaxes, é dicir, hai dous departamentos contiguos que comparten unha xanela que ten a forma dunha onda. Comparto un departamento no que o papel tapiz parece escamas de peixe e no que as manchas de humidade reproducen un gravado xaponés, *A Gran Onda* de Kanagawa. Son cousiñas que están aí. O tipo de futurismo que mencionas é tecnoloxía dos 60 que debía representar unha época e tiña que ser graficamente potente. A codificación de cores, por outra banda, está controladísima para contar a historia: os azuis son para a auga, os dourados para o aire, o verde para o futuro e o vermello para o amor e o cinema. Esas cores están moi coidadas no filme e as formas son igualmente deliberadas. Todo iso está

listo para cando chega o deseñador de produción e a partir de aí comeza o verdadeiro diálogo.

O personaxe de Sally Hawkins é impresionante. Como traballas desde a preprodución para que o espectador sinta os movementos e identifique as características do protagonista? O primeiro que fixen con Sally foi regalalle un kit de blurays e dvds que incluían a Harold Lloyd, Buster Keaton, Charlie Chaplin e Stan Laurel e díxenlle: «Estuda os comediantes da época do cinema mudo para que poidas ser unha actriz de cinema mudo. A túa mirada e o teu corpo deben ter a precisión, graza e pureza deses actores». Ela estudouno efectivamente e logrou un personaxe único, potentísimo.

Dise que as orixes de *La mujer y el monstruo* (Jack Arnold, 1954) xurdiron nunha conversación entre Gabriel Figueroa e William Alland sobre unha criatura metade home, metade peixe, que existía no Amazonas. Poderíamos dicir que ese é un común denominador con *A forma da auga*? Si, é verdade que Gabriel Figueroa falou sobre o peixe do Amazonas e que a partir de aí xurdiu o filme de Universal. O que é fermoso para min é que este filme xorde dos recordos dos meus anos mozos. Tiña ao redor de seis anos e estaba vendo unha cousa no Canal 6 de Guadalajara chamada Cine Permanencia Voluntaria e puxeron *La mujer y el monstruo*, vina e namorei da historia romántica. Pensei: «Por que a rapaza e o monstruo non acaban xuntos?». Levoume corenta e tantos anos remediar a situación.

O filme logra transmitir un sentimento de soidade por medio de todos os personaxes. Como manexas este sentimento desde o set? Creo que, por exemplo, é importante que o actor amose a emoción axeitada, ademais de ter a cámara a certa distancia. Podémolo ver con Sally, cativiña no seu departamento, limpando os seus zapatos, e logo vémosla en primeiro plano. Tes ese momento en que ves o departamento e a ela no medio, limpando os zapatos, unha acción pequeniña.

Toda esta cuestión dos matices e as personalidades dos personaxes tamén se notan no deseño de vestiario. Que é o que tratas de reflectir? O deseño de vestiario faino Luis Sequeira, un tipo fenomenal. Con el traballei en *Mamá*, de Andy Muschietti, e *The Strain*, a serie de televisión. El entende moi ben que o deseño de vestiario non é visual, é narrativo; é dicir, que alguén teña un xersei pequeniño ou unha diadema no pelo dá carácter ao personaxe, diche se é modesto, se é reservado... Polo que o deseño do personaxe está completamente unido ao deseño de vestiario. O personaxe de Michael Shannon ten traxes fermosísimos, feitos á súa medida, é un tipo vaidoso ao que lle gusta verse ben, lava as mans seguido. Cando o monstruo vén e lle arrinca os dedos sabes que o odiará polo resto da súa vida e isto vén do vestiario. A roupa de Shannon foi das máis custosas polas teas e a feitura, de precisión inglesa.

Publicado en warp.la
Tradución: Olalla Cociña

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

**Abónate
e ven sempre
por 4,5€**

**Faite
NUMAX!**